

## Criterios de corrección para o cuarto exercicio

O tribunal cualificador do proceso selectivo, convocado por resolución 1 de decembro de 2021, para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de acceso libre adoptou os seguintes acordos:

1. **PUBLICAR os criterios de corrección do cuarto exercicio**, convocado para o luns 29 de abril de 2024 ás 13.30 horas na Sala de reunións da Área TIC (Pavillón de Servizos. Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida, Santiago de Compostela.), que serán os seguintes:
  - ✓ O cuarto exercicio, obrigatorio e non eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con tres respostas alternativas, das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa.
  - ✓ O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.
  - ✓ Este exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos.
  - ✓ As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
  - ✓ Recorrerase ás preguntas de reserva, pola orde na que figuren no cuestionario, só se é preciso anular algunha das 30 preguntas formuladas inicialmente.
  - ✓ Ao finalizar o exercicio entregarase aos aspirantes unha copia do padrón de corrección coas respostas correctas.
  - ✓ As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.
2. **APROBAR as instrucións de desenvolvemento do segundo exercicio:**
  - ✓ As persoas aspirantes deberán vir provistas dun documento oficial para acreditar a súa identidade (DNI, pasaporte ou permiso de conducir), así como lapis do número 2 e goma de borrar.
  - ✓ Non está permitido copiar, falar ou facer uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico, que deberán apagarse e gardarse antes de iniciarse o exercicio.

Santiago de Compostela, data de sinatura electrónica

O Presidente do Tribunal

José Manuel Velo García

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VELO GARCIA, NIF \*\*\*7178\*\*, 12/04/2024 08:36:50.

CSV: BAE4-7272-47DC-A4AF